



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Bases contratación PEL

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBAR AS BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE TRES OFICIAIS ALBANEIS DE SEGUNDA E CINCO PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS AO ABEIRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021)

Considerando as bases do Programa de Integración Laboral aprobadas pola Deputación Provincial de A Coruña, publicadas definitivamente no BOP n.º 220, do 23/12/2020.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 136 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; RESOLVO:

Primeiro.–Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras da contratación como persoal laboral temporal de tres oficiais albaneis de segunda e cinco peóns de obras públicas ao abeiro do plan de integración laboral da Deputación Provincial da Coruña (PEL CONCELLOS REACTIVA 2021).

Segundo.–Publicar a presente resolución e o texto íntegro das bases no taboleiro de anuncios, na páxina web do concello da Baña e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Terceiro.–Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

A Baña, 9 de marzo de 2021.

O alcalde, José Antonio Pereira Gil

A secretaria, Ángela María Viqueira Allo

BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE TRES OFICIAIS ALBANEIS DE SEGUNDA E CINCO PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS AO ABEIRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA (PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021).

PRIMEIRA

O obxecto da presente convocatoria consiste na regulación do procedemento de selección, mediante concurso- oposición, de catro (8) traballadores/as desempregados/as (TRES oficiais albaneis de 2.ª, CINCO peóns de obras públicas), ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL REACTIVA 2021). Todo isto conforme o disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, no Real Decreto 886/1991, do 7 de xullo, e demais normas concordantes de aplicación.

Teráse en conta o establecido nas bases do Programa de Integración Laboral aprobadas pola Deputación Provincial de A Coruña, publicadas definitivamente no BOP n.º 220, do 23/12/2020.

As persoas a contratar neste programa de acordo co establecido na Base 2.1 do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL REACTIVA 2021), deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión social:

- a) Mulleres.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración, con un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.

- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar.

Para acreditar estas situacións anteriores, de acordo co disposto na Base 8 das Bases do PEL REACTIVA 2021 relativa á documentación acreditativa do persoal a contratar:

- Todos deberán acreditar que son demandantes de emprego coas tarxetas ou informes acreditativos debidamente actualizados.

Respecto da documentación acreditativa da situación de exclusión de cada persoa traballadora:

Mulleres, persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Informe vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ningún teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero.	Informe dos servizos sociais municipais.

SEGUNDA

A natureza do contrato será na modalidade de “obra ou servizo determinado” (artigo 15 do RDL 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada), a tempo completo.

Os contratos laborais das persoas contratadas estenderáanse durante un periodo de 6 meses, e o prazo de contratación comenará a computar dende o remate do proceso selectivo. Os traballadores realizarán as actividades relacionadas cos seguintes servizos mínimos incluídos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en concreto: alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas, así como a protección da salubridade pública e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas con ditos servizos.

A xornada laboral será de 30 horas semanais, de luns a venres. O horario será fixado pola Alcaldía en atención ás necesidades do servizo. O salario bruto mensual do albanel, será de 901,50 €/mes + 150,25 p.p.e, categoría profesional: oficial de 2.ª, grupo de cotización: 8. O salario bruto mensual de cada un dos peóns será de 835,71 € + 139,29 € p.p.e, categoría profesional: peón, grupo de cotización: 10.

TERCEIRA

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional da U.E dentro dos límites que establece o artigo 57 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Estar inscrito como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Galego de Colocación. As persoas que se acollan ao apartado de parados de longa duración deberán acreditar esta circunstancia coa certificación de máis de dous anos en desemprego expedida polo Servizo Galego de Colocación. O resto de candidatos no momento de presentación de

instancias poderá acreditarlo coa tarxeta de demandante actualizada en vigor ou certificado expedido polo Servizo Galego de Colocación da condición de desempleado.

h) Estar en algunha das situacións establecidas na cláusula primeira (xustificada).

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

CUARTA

As instancias para participar no proceso de selección dirixiranse á Alcaldía-Presidencia da Corporación, segundo modelos que se establecen nos Anexos correspondentes.

O prazo para a presentación de instancias será de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio das bases no BOP.

As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na súa sede electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común. Os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPAC, deberán remitir por mail ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de presentación establecido ao efecto (correo@concellodabana.gal), xa que en caso contrario, consideraráse inadmitida a súa solicitude por presentación fóra de prazo.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- a) Copia simple do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- b) Copia simple do documento acreditativo de estar desempleado na data de inicio do proceso selectivo.
- c) Copia simple do documento acreditativo de atoparse nalgunha das situacións de exclusión sinaladas na base primeira, e segundo o seguinte detalle:

Mulleres, persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Informe vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ningún teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero.	Informe dos servizos sociais municipais.

d) Copias simples dos documentos xustificativos dos méritos que aleguen os aspirantes. Non serán tomados en consideración nin valorados aqueles méritos que non fosen alegados no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

e) No seu caso, copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente na respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro de prazo de presentación de instancias.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

QUINTA

Rematado o prazo de presentación de instancias, a autoridade que convoca ditará resolución, que se publicará no taboleiro de edictos electrónico e na páxina web municipal, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e outorgando un prazo máximo de 3 días hábiles para que os/as excluídos/as aleguen o que consideren.

Resultas as reclamacións publicarase a lista definitiva no taboleiro de edictos electrónico e na páxina web municipal ou darase por definitiva a lista provisional se non houbera reclamacións ou se estas non foran suficientes para a súa consideración. De non existir aspirantes excluídos, a Alcaldía poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo á contratación que corresponda.

SEXTA

O Tribunal calificador nomearase no mesmo decreto no que se aprobe a lista de admitidos.

Abstención e recusación

Os membros dos tribunais debrán abstenerse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (tribunales ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para valorar os méritos aportados polos participantes que estime pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás que colaborarán co órgano de selección.

Os membros do tribunal de selección serán retribuídos de conformidade co establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Vinculación das resolucións do tribunal

A presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante e tendo en conta que o número de seleccionados non pode superar o de prazas convocadas.

SÉTIMA

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos/as no seu dereito aqueles/as que non comparezan.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizar os exercicios provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezado o exercicio, o tribunal poderá requiririlles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

Os horarios serán determinados polo tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

OITAVA

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición.

A) FASE DE CONCURSO (ata un máximo de 2 puntos): esta fase, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. Será valorada cun máximo de 2 puntos, valorándose:

*Ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas: 0,25 puntos por cada programa rematado.

FASE DE OPOSICIÓN (ata un máximo de 8 puntos): de carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes. Constará dos seguintes exercicios segundo a praza á que se opte.

PARA OS POSTOS DE PEÓN

***Primeiro e único exercicio:** de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver en cada caso.

A comisión seleccionadora puntuará este exercicio entre 0 e 8 puntos.

Para superar dita proba será preciso acadar como mínimo 4 puntos.

A duración da proba práctica decidiráa a comisión seleccionadora, segundo a proba que se estableza en cada caso.

PARA O POSTO DE OFICIAL ALBANEL

***Primeiro e único exercicio:** de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver en cada caso.

A comisión seleccionadora puntuará este exercicio entre 0 e 8 puntos.

Para superar dita proba será preciso acadar como mínimo 4 puntos.

A duración da proba práctica decidiráa a comisión seleccionadora, segundo a proba que se estableza en cada caso.

PROBA DO GALEGO.—En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio. A proba consistirá na traducción directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo de 30 minutos, sen axuda do diccionario. O exercicio será calificado de apto ou non apto. Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

NOVENA

A cualificación final das probas virá determinada pola puntuación obtida na fase de oposición e concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación acadada no baremo do colectivo.
- b) Maior puntuación obtida na proba práctica.
- c) Acreditación de maior antigüidade como desempleado/a inscrito na Oficina Pública de Emprego.

O presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía-Presidencia, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A dita proposta publicarase no taboleiro de edictos electrónico e na páxina web municipal.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos aspirantes que teñan superado o proceso para cubrir posibles renuncias antes da contratación ou durante a vixencia do contrato.

DÉCIMA

Con carácter previo á formalización do contrato o aspirante deberá someterse a recoñecemento médico, emitíndose o correspondente ditame sobre a adecuación psicofísica de aquel/a para o desempeño das tarefas propias da praza a ocupar.

No suposto de que o informe médico, previo ó contrato sexa negativo deberá informarse ós/as representantes dos traballadores e poderanse presentar informes médicos contraditorios se así o estima ó/a traballador.

Antes da formalización do contrato, o aspirante tamén deberá presentar:

- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Presentada a documentación polo interesado, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

UNDÉCIMA

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdicción Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía-Presidencia do Concello da Baña, no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdicción, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA (OFICIAL ALBANEL)

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal para o posto de OFICIAL ALBANEL, DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello da Baña.

DATOS PERSOAIS

DNI:

APELIDOS E NOME:

TELÉFONO:

ENDEREZO:

SOLICITA tomar parte na selección en réxime laboral temporal, a tempo completo, segundo o establecido nas bases que rexen a convocatoria.

Estou encadrado dentro do seguinte COLECTIVO (cláusula primeira das bases da convocatoria):

- a) Mulleres.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) persoas desempregadas de longa duración, con un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar.

A BAÑA, — DE — 2021.

SINATURA:

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA:

- a) Copia simple do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- b) Copia simple do documento acreditativo de estar desempregado na data de inicio do proceso selectivo.
- c) Copia simple do documento acreditativo de atoparse nalgunha das situacións de exclusión sinaladas na base primeira, e segundo o seguinte detalle:

Mulleres, persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Informe vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ningún teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero.	Informe dos servizos sociais municipais.

d) Copias simples dos documentos xustificativos dos méritos que aleguen os aspirantes. Non serán tomados en consideración nin valorados aqueles méritos que non fosen alegados no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

e) No seu caso, copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

ANEXO II
MODELO DE INSTANCIA (PEÓNS)

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal para o posto de PEÓN, DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello da Baña.

DATOS PERSOAIS

DNI:

APELIDOS E NOME:

TELÉFONO:

ENDEREZO:

SOLICITA tomar parte na selección en réxime laboral temporal, a tempo completo, segundo o establecido nas bases que rexen a convocatoria.

Estou encadrado dentro do seguinte COLECTIVO (cláusula primeira das bases da convocatoria):

- a) Mulleres.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración, con un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar.

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA:

- a) Copia simple do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- b) Copia simple do documento acreditativo de estar desempregado na data de inicio do proceso selectivo.
- c) Copia simple do documento acreditativo de atoparse nalgunha das situacións de exclusión sinaladas na base primeira, e segundo o seguinte detalle:

Mulleres, persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Informe vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ningún teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero.	Informe dos servizos sociais municipais.

d) Copias simples dos documentos xustificativos dos méritos que aleguen os aspirantes. Non serán tomados en consideración nin valorados aqueles méritos que non fosen alegados no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

- e) No seu caso, copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

2021/2305